



MOCIÓN que presenta o grupo municipal socialista para a súa inclusión na orde do día do pleno de 6 de xaneiro do 2013 do concello, **RECORD DE PARADOS**, ao amparo do establecido pola la lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do rexime local e o real decreto 2568/1986, de 29 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento y réxime xurídico das entidades locais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os últimos datos do paro sitúan ao noso municipio nun triste record, superando os 600 conveciños e conveciñas. Moitas familias con todos os seus membros sen traballo, parados de longa duración aos que o Estado non asiste e o que é peor, se cabe, non hai esperanza de que estas cifras cambien.

O mar non vai ben, a construción que vostedes iban resucitar, non levanta cabeza, a gandeiría é residual, a mecanización da extracción de madeira non ofrece os postos laborais doutras épocas, os novos emprendedores viron truncadas as súas expectativas ao abortar o Goberno do PP o viveiro de empresas, o IGAPÉ (Instituto Gallego para a Promoción Económica)rise das empresas da Trabe abandoánndoas á súa sorte, como sucede coa dos altavoces e catéteres.

Namentras o Portavoz do Grupo Popular esgrime, para a súa descarga, que un dos empresarios está no cárcere, arroxoando un manto de sospeita sobre o empresariado da Trabe. Carece dunha folla de ruta queatraiga empresas á Trabe á sombra do Plan Ferrol, ao que entre todos están deixando esmorecer, nun momento no que tan importante é o finanzamento ás iniciativas empresariais. A estrada AC566 atópase nun estado calamitoso. Recordamos que o borrador elaborado polo Goberno de Touriño, fai cinco anos, incorporaba unha vía directa ao Parque Empresarial desde Esteiro, para facilitar os accesos hacia Ferrol.

Ante a displicencia do Goberno do PP, outros Concellos amósannos o camiño. As Somozas recollen 7 novos proxectos industriais para a súa localidade acollidos ao Plan Ferrol, demostrando que a pesar da crise que agarrota ao noso Concello, existen alternativas cando se traballa, cando se dan facilidades, cando non se insulta a emprendedores que traen os seus proxectos a Cedeira.

Por todo elo presentamos para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN** que a modo de **PLAN POLO EMPREGO** dea pasos certos para mellorar a situación dos traballadores e das familias cedeiresas:

- ✓ Impulsar de inmediato a **construcción do Centro de Saúde** co cal entrarán 400 millóns das antigas pesetas na economía local e comarcal.
- ✓ Constituir o Casco Antigo como un **Área de Rehabilitación Integral**, para proceder ao seu mantemento, mellora e rexeneración.
- ✓ Axudar aos empresarios locais a que, en lugar de ningunealos, se **organicen** e acoller as súas propostas con espíritu constructivo.
- ✓ Axudar ás **empresas locales** a que se modernicen e financien a través do Plan Ferrol, facilitándolles o seu traslado ao Parque Empresarial.
- ✓ Política de acercamento a **empresarios foráneos** a través do Plan Ferrol e acollelos no Parque Empresarial. Constituir a Comunidade de Propietarios.
- ✓ Impulsar unha **política forestal** que racionalice o sector e lle permita convivir sen perigos co mundo rural e coas infraestructuras públicas e mellorar os rendementos productivos.
- ✓ Recoller de novo o proxecto de **Viveiro de Empresas**
- ✓ Traballar codo con codo coa **Comunidade Educativa**, apoiando os seus plans de estudos e aos seus profesionais.
- ✓ **Estrada AC 566** Ferrol-Cedeira xa.
- ✓ Impulsar, racionalizar e mellorar a **gandeiría extensiva** da Capelada.

MOCIÓN que presenta o grupo municipal socialista para a súa inclusión na orde do día do pleno de 6 de xaneiro do 2013 do concello, **RECORD DE PARADOS**, ao amparo do establecido pola lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do rexime local e o real decreto 2568/1986, de 29 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento y réxime xurídico das entidades locais.

- ✓ Estimular o aproveitamento das terras, a lo menos como recuperación dun recurso que axude ao sostemento do medio e das familias.
Recuperar a cultura da terra.
- ✓ **Mellora da oferta turística** do municipio.
- ✓ Formación dunha **Comisión de Seguemento** deste Plan.

En Cedeira, a 21 de maio 2013

FDO: JOSÉ LUIS VERGARA REY
PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

SR. ALCALDE PRESIDENTE
CONCELLO DE CEDEIRA